



CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Víncenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE BUEU CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 2022

“non estamos dispostas a perder pé

Por iso é que nos matan”

Teresa Ríos

O 8 de marzo non é unha data de celebración, senón de reivindicación dedicado á reflexión arredor das condicións laborais das mulleres a nivel mundial. A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou no ano 1997 o 8 de marzo como Día Internacional das Mulleres, que pretende apelar aos dereitos das mulleres e das nenas, á igualdade efectiva e real entre mulleres e homes e, en definitiva, conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A primeira folga feminista, convocada en 2018 e transformada nun fito histórico do movemento feminista español, interpelou ás institucións públicas e colocou no centro da discusión debates ausentes ata ese momento. Baixo o lema *“Se nosoutras paramos, párase o mundo”*, esta folga veu a lembrarnos que o traballo doméstico e os coidados, esas actividades cotiás que sosteñen o día a día, constitúen un traballo básico para a supervivencia e a garantía de certo benestar físico e emocional para as persoas. Posteriormente, coa pandemia quedou demostrado o valor daquilo que permanecía oculto. Eses traballos e tempos que, de forma invisible, son realizados polas mulleres, e especialmente por aquelas con menos posibilidades de elección: mulleres pobres, mulleres migrantes e mulleres racializadas. Ao longo destes dous anos, observamos como as mulleres se atopan na primeira liña da crise da Covid-19, ben sexa como traballadoras da saúde, coidadoras, innovadoras ou organizadoras comunitarias. Esta crise puxo de manifesto, pois, a importancia fundamental das contribucións das mulleres así como as cargas desproporcionadas que soportan, tanto a nivel físico como mental. Así mesmo, a pandemia supuxo un duro golpe económico no noso país que afectou á desigualdade entre mulleres e homes, xa que a fenda salarial está hoxe por enriba do 23% por mor da precariedade laboral ocasionada pola crise sanitaria, retrocedendo aos niveis do ano 2013. O desequilibrio na conciliación na vida persoal e laboral bateu con forza ás mulleres levando a moitas delas ao desemprego para volver facerse cargo das responsabilidades familiares, atrancando así a súa independencia económica.



CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vicentini, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Os datos entresacados de numerosos estudos son demoledores en canto a estas desigualdades que sofren as mulleres e que se manifestan de múltiples formas e a diversos niveis; o que demostra que a vida das mulleres é manifestamente peor que a dos homes en todos os ámbitos. Así se reflicte no acceso, a participación e a promoción laboral, nos salarios, na precariedade laboral, nas pensións, no reparto do traballo doméstico e de coidados, na dispoñibilidade de tempo, na fenda dixital de xénero, na menor presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, na representación dos órganos de maior poder político, xudicial ou económico, na participación social, deportiva e cultural m no predominio de problemas de saúde mental, na crecente feminización da pobreza e as súas graves consecuencias, na maior dificultade de acceso aos recursos básicos para vivir, e na maior vulnerabilidade fronte á explotación e a violencia machista. Unha violencia machista que é a manifestación máis atroz da desigualdade entre mulleres e homes e cuxa manifestación máis atroz son os asasinatos machistas: un total de 1.128 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas ou ex parellas dende o ano 2003 ata a actualidade, unha cifra que, por desgraza, non deixa de medrar. As mulleres e nenas sofren, ademais, múltiples formas de discriminación, entre outras, discriminación por razón de orixe étnico ou racial, por discapacidade, relixión, ou orientación sexual e identidade de xénero.

No ámbito da nosa sociedade, e a pesar de que a igualdade xa é un dereito recoñecido normativa e legalmente, aínda queda moito por facer. A conciliación laboral e familiar; a corresponsabilidade dos homes nos coidados; o emprendemento feminino; a racionalización de horarios; a loita pola non discriminación; a igualdade laboral; o empoderamento; a igualdade salarial; a sensibilización dos e das menores, dos e das adolescentes; a educación en igualdade; a loita contra a trata e a explotación sexual, así como todas as formas de violencia machista fan que debamos continuar traballando e esforzándonos dende todas as institucións e ámbitos sociais para chegar a unha igualdade real e efectiva.

Os cambios legislativos aprobados nos últimos anos supuxeron pasos importantes á fronte na loita contra a violencia machista, pero resultan insuficientes para erradicar todas as formas de violencia e discriminación contra as mulleres. Non chega con aprobar normas, urxe avanzar na posta a disposición os recursos xudiciais, asistenciais, económicos e de protección necesarios para tentar rematar con este problema social, que afecta en maior medida aos municipios con menor poboación.

Malia ao carácter universal do dereito á igualdade, aínda son moitas as mulleres que non poden exercer os seus dereitos fundamentais como seres humanos. Moitas continúan a sufrir todo tipo de escravitude e discriminacións. Non debemos ollar para outro lado. Esta é unha loita de todas e todos nós.



CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Víncenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Por todo o anteriormente exposto dende o Concello de Bueu **DECLARAMOS:**

1. A nosa preocupación polo aumento da fenda de xénero por mor da destrución e altas taxas de emprego temporal nas mulleres.
2. A denuncia da carga que supón para as mulleres a situación de confinamento selectivo para facerse cargo de menores, maiores e persoas dependentes coas consecuencias que isto ten para un correcto desenvolvemento da súa promoción laboral e que contribúe a reprodución de roles sexistas.
3. A necesidade de garantir que a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres continúen na axenda política para facer fronte á crise económica da COVID-19 como elemento clave para favorecer á recuperación social e económica.
4. A necesidade dunha resposta coordinada que integre a perspectiva de xénero como fío condutor no deseño de solucións que contribúan a diminuír a crise económica e social que prexudica claramente ás mulleres.
5. A urxencia de que se destinen máis recursos xudiciais, asistenciais, económicos e de protección para tentar erradicar estas desigualdades.

D. Xosé Leal Fariña

D. Julio Villanueva González

Voceiro do BNG

Voceiro de ACB

Dna. Elena Estévez Freire

D. José Manuel Vilas Pastoriza

Voceira PP

Voceiro PSOE